

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE CONXUNTO/MÚSICA DE CÁMARA I. CURSO 2018/2019
 CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA
 TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO Decreto 163/2015 do 29 de outubro)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA Conxunto/Música de Cámara I										
ESPECIALIDADE:	Interpretación						ITINERARIOS:			
CARÁCTER:	Obrigatorio						TIPO DE CLASE:		COLECTIVA	
DEPARTAMENTO:	Percusión						XEFE DE DPTO.:		Luis M. Sobrevela Romaguera	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	
									Luis M. Sobrevela Romaguera	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VI I	VI II	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.	4	4	4	4	3	3	3	3	1 ½	
ECTS/CUAD.	4	4	4	4	3	3	3	3	Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS						EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA	
	Luis M. Sobrevela Romaguera						sobrevela78@edu.xunta.es		Martes ás 20:30h.	

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS		
<p>DESCRITOR: Práctica da interpretación musical en grupo e en diferentes formacións. Coñecemento do repertorio de cámara do seu propio ámbito e práctica interpretativa en formacións diversas, incluídas as compostas exclusivamente por percusionistas. Desenvolvemento de hábitos e técnicas de ensaio. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo. Práctica de lectura a primeira vista, flexibilidade de resposta ás indicacións do/a director/a. Concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos.</p>		
<p>COÑECEMENTOS PREVIOS: Os requiridos para superar a proba de acceso.</p>		
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	<p>T1 T3 T6 T7 T10 T13</p>	<p>Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza. Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal. Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo Liderar e xestionar grupos de traballo. Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.</p>
COMPETENCIAS XERAIS:	<p>X2 X7 X8 X10 X21</p>	<p>Mostrar aptitudes adecuadas para a lectura, improvisación, creación e recreación musical. Demostrar capacidade para interactuar musicalmente en diferentes tipos de proxectos musicais participativos. Aplicar os métodos de traballo máis apropiados para superar os retos que se lle presenten no terreo do estudo persoal e na práctica musical colectiva. Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre conceptos musicais diversos. Crear e dar forma aos seus propios conceptos artísticos tendo desenvolvido a capacidade de expresarse a través deles a partir de técnicas e recursos asimilados.</p>
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	<p>EI2 EI3 EI6 EI8 EI9 EI10</p>	<p>Construír unha idea interpretativa coherente e propia. Demostrar capacidade para interactuar musicalmente en todo tipo de proxectos musicais participativos, desde o dúo ata os grandes conxuntos. Argumentar e expresar verbalmente os seus puntos de vista sobre a interpretación, así como responder ao reto que supón facilitar a comprensión da obra musical. Asumir adecuadamente as diferentes funcións subordinadas, participativas ou de liderado que se poden dar nun proxecto musical colectivo. Coñecer os procesos e recursos propios do traballo orquestral e doutros conxuntos dominando adecuadamente a lectura a primeira vista, mostrando flexibilidade ante as indicacións do/a director/a e capacidade de integración no grupo. Coñecer as implicacións escénicas que leva a súa actividade profesional e ser capaz de desenvolver as súas aplicacións prácticas.</p>

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Obter un dominio suficiente das destrezas específicas requeridas para formar parte dunha agrupación musical: responsabilidade, iniciativa, participación en clase así como organización e realización de ensaios fóra do horario lectivo.	T1, T3, T6, T7, X7, X8, X10, X21, EI2, EI3, EI6, EI8, EI9.
Coñecer o repertorio camerístico básico para percusión ou agrupación mixta situando cada obra musical que se traballe dentro do contexto histórico e estilístico.	T3, T7, T13, X8, EI6.
Traballar no contexto da partitura en xeral e non só na parte individual desenvolvendo a capacidade de controlar non só a propia función, senón o resultado do conxunto	T1, T7, X7, X8, X10, X21, EI2, EI6, EI8.
Dominar a interpretación dun repertorio escolleito mostrando as habilidades necesarias para facer unha lectura fiel a todas as indicacións da partitura: tempo, fraseo, estilo musical....	T1, T3, T6, T7, X7, X8, X21, EI2, EI3, EI8, EI9
Participar nos concertos e outras actividades públicas do centro	T1, T3, T10, T13, X2, X7, X8, EI9, EI10.

4. CONTIDOS		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓN S
1. Práctica da interpretación musical en grupo e en diferentes formacións e repertorios.	1.1 Función da parte de cada intérprete dentro do conxunto da obra. Distinción dos momentos en que una determinada voz debe destacar ou acompañar. 1.2 Técnica ou técnicas utilizadas na interpretación da música de cámara ou no grupo de percusión	Todas
2. Coñecemento do repertorio de conxunto de grupo de percusión e de formación camerística con percusión e práctica interpretativa en formación diversas	2.1 Repertorio camerístico xeral: contexto histórico e estilístico. 2.2 Repertorio de grupo de percusión xeral: contexto histórico e estilístico.	Todas
3. Desenvolvemento de hábitos de técnicas de ensaio	3.1 Utilización de técnicas para dar con claridade una entrada. 3.2 Estratexias para saber afinar con precisión. 3.3 Puntualidade, atención, escoita activa e participación en clase. 3.4 Escoita recíproca: uso de técnicas e recursos para saber escoitar aos outros membros do grupo a fin de resolver cuestión de equilibrio. 3.5 Responsabilidade no estudo da parte propia da obra que se traballa 3.6 Paciencia e comprensión ante as posibles incorreccións de interpretación dos compañeiros.	Todas
4. Cooperación no establecemento de criterios interpretativos, compenetración e traballo colectivo	4.1 Comunicación na interpretación en grupo: describir o carácter da obra que se traballa. 4.2 Utilización de boas edicións para traballar as obras. 4.3 Resolución de cuestión relacionadas coa ornamentación segundo a época. 4.4 Recoñecemento de tensións e distensións harmónicas que permitan frasear con expresividade.	Todas
5. Concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos	5.1 Construcción colectiva da interpretación. 5.2 Adecuación da interpretación á acústica da sala. 5.3 Adquisición das habilidades necesarias para mostrarse diante do público con corrección en todos os ámbitos: vestuario, postura, saúdos, organización de partituras. Construcción colectiva da interpretación.	Todas
TOTAL SESIÓNS:		16

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Actividades introdutorias	1		1
Exposición práctico-teóricas	1		1
Práctica individual	1	25	26
Práctica colectiva	11	54	65
Pescuda de información/audición de obras	1	5	6
Preparación de sets e colocación de instrumentos		20	20
Actividades complementarias	1		1
TOTAL HORAS (1 ECTS= 30 horas)			120

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPTC AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Traballo realizado na clase a clase.	C1, C2, C3, C4, C5	Todas as descritas nesta programación	30%
Audición de final de cuatrimestre	C1, C2, C3, C4, C5	Todas as descritas nesta programación	70%
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Concerto público cunha formación de similares características (estilo, formación, compoñentes, etc) as obras traballados no cuatrimestre do mesmo curso	C1, C2, C3, C4, C5	Todas as descritas nesta programación	100%
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA) <i>máis de dúas faltas de asistencia por cuatrimestre suporá a perda da avaliación continua.</i>			
Concerto público cunha formación de similares características (estilo, formación, compoñentes, etc) as obras traballados no cuatrimestre do mesmo curso.	C1, C2, C3, C4, C5	Todas as descritas nesta programación	100%
4, 6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Concerto público cunha formación de similares características (estilo, formación, compoñentes, etc) as obras traballados no cuatrimestre do mesmo curso.	C1, C2, C3, C4, C5	Todas as descritas nesta programación	100%
<p>Observacións: os programas de concerto deberán de ser consensuados co profesor da materia</p> <p>Criterios de avaliación</p> <p>C1.- Dominio das destrezas requiridas para formar parte dun grupo de cámara: responsabilidade, iniciativa, participación nas clases/ensaíos.</p> <p>C2.- Coñecemento do repertorio camerístico ou de grupo de percusión que se está a interpretar situando cada obra musical dentro do contexto histórico e estilístico.</p> <p>C3.-Traballo da partitura no contexto en xeral, ademais da parte individual, desenvolvendo a capacidade de control do resultado en conxunto.</p> <p>C4.- Dominio da interpretación na que se mostre as habilidades necesarias para facer una lectura fiel a todas as indicacións da partitura: tempo, fraseo, estilo musical.</p> <p>C5.- Participación nos concertos e outras actividades publicas do centro.</p>			

7. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E DOCUMENTOS

- Blades, James. Percussion Instruments and Their History, The Bold Strummer LTD, 1970
- Blum, David. Casals y el arte de la interpretación. Idea Books 2000
- Dibelius Ulrich. La música contemporánea a partir de 1945, Akal Música, 2004
- Klöppel, Renate. Ejercitación mental para músicos. Idea Books 2005.
- Montagu, Jeremy. Timpani -Percussion, Yale Music Instrument Series, 2002
- Reynolds, Roger. Form and Method Composing Music, Routledge, 2002
- Schick, Steven. The Percussionist's Art, University of Rochester Press, 2006
- Varios . Percussive Notes, arquivos da Percussiove Arts Society dende 1960. <http://www.pas.org>